

INTERVENCIÓN SOCIAL NA ADQUISICIÓN DE HABILIDADES PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUCIONAL E AS SÚAS FAMILIAS



INDICE

1. Introducción/ descripción do colectivo de atención.
2. Descripción da entidade.
3. Obxetivos.
 - ✓ Xerais.
 - ✓ Específicos.
4. Usuarios/asociados.
5. Actividades desenroladas.
 - 5.1. Convenios.
 - 5.2. Actividades da asociación.
6. Servizos prestados.
7. Recursos materiais.
8. Recursos económicos.

1. INTRODUCCIÓN/ DESCRIPCIÓN DO COLECTIVO DE ATENCIÓN.

Dende a Asociación de Persoas con Discapacidade Física e Psíquica de Mos (ASODIFISI) dase cobertura a todas as discapacidades en general que da cobertura a los diferentes tipos de discapacidade:

- Discapacidade Física: La discapacidade física pódese definir como una desventaxa, resultante dunha imposibilidade que limita o impide el desempeño motor de la persoa afectada. Isto significa que as partes afectadas son os brazos e/ou as pernas.
- Discapacidade sensorial: A discapacidade sensorial corresponde a las persoas con deficiencias visuais, aos xordos y a quenes presentan problemas en la comunicación e na linguaxe.
- Discapacidade psíquica: A discapacidade psíquica pode ser provocada por diversos trastornos mentais, como a depresión maior, a esquizofrenia, o trastorno bipolar; os trastornos de pánico, o trastorno esquizomorfo e o síndrome orgánico.
- Discapacidade intelectual ou mental: A discapacidade mental é unha "función intelectual significativamente por debaixo do promedio, que coexiste con limitacións relativas a duas ou máis das seguintes áreas de habilidades adaptativas: comunicación, auto-coidado, habilidades sociais, participación familiar e comunitaria, autonomía, saúde e seguridade, funcionalidade académica, de ocio e traballo. Maniféstase antes dos dezoito anos de idade."

Ademáis dos/as beneficiarios directos das accións desenvoltas dende a asociación, os servicios e programas tamén se dirixen de maneira indirecta ás familias das persoas con discapacidade e a poboación en xeral con accións preventivas e de sensibilización.

2. DESCRICIÓN DA ENTIDADE.

ASODIFISI (Asociación de Persoas con Discapacidade Física e Psíquica de Mos) é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro de Entidades de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, có nº 273PO092FOO.

Este ano 2011, para nos é unha data moi sinalada xa que Asodifisi cumpre 20 anos dende a súa constitución como asociación. Esta data que para nós é moi significativa, por elo decidimos compartila con todos os nosos socios, colaboradores, persoal remunerado, entidades e administración públicas, ponentes de xornadas anteriores etc, mediante un acto de homenaxe a todos coa celebración do XX ANIVERSARIO DE ASODIFISI.

Na década dos anos 80 empezouse a romper co enfoque da discapacidade vinculada ao mero concepto de asistencia pasiva e a sustituílo por conceptos de integración e de participación activa na vida económica e social.

Así pois, a acción de ASODIFISI foise orientando hacia o recoñecemento e a protección dos dereitos das persoas con discapacidade, por un lado, servindo de ferramenta impulsora do cambio social exercendo diferentes actividades de sensibilización ao longo da Comarca da Louriña.

Dende a súa creación trata de promover e coordinar actividades de diversa índole co fin de dar a coñecer a realidade das persoas con Discapacidade, ademáis de loitar diariamente polos dereitos e os deberes do noso colectivo de actuación.

A Misión de Asodifisi é conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa

e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do voluntariado e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

3. OBTIVOS.

- XERAIS.
 - Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do voluntariado e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

- ESPECÍFICOS.
 - Proporcionar aos beneficiari/as experiencias sobre a vida diaria, dinamizando o grupo e estimulando a sensibilización de cada usuario.
 - Estimular capacidades e explorar potencialidades de cada usuario con xogos e actividades creativas que constitúen desafíos e que faciliten a expresión e a comunicación.
 - Fomentar a solidariedade con persoas alleas ao interno da Discapacidade.
 - Proporcionar un lugar de respiro para a familia e para a propia persoa con discapacidade.
 - Tratamento individual e personalizado reflectido nun programa de atención especializado no que se concentren os obxectivos a acadar.

- Respeto a individualidade, a autorrealización persoal, así como o dereito á diferenza.
- Promoción da participación e representación dos usuarios.

4. USUARIOS/ASOCIADOS.

Asodifisi neste momento conta cun total de 16 usuarios que desenvolven a totalidade das actividades que se realizan na Asociación, xa que cada actividade é personalizada para fomentar a participación de cada un dos nosos usuarios.

Ademais, contamos a 31/12/2017 cun total de 613 socios.

5. ACTIVIDADES DESARROLLADAS.

Dentro deste apartado imos clasificar as actividades segundo sexan propias da asociación ou mediante calquer tipo de colaboración con entidades privadas e/ou Administracións públicas.

5.1. CONVENIOS

▶ CONCELLO DE MOS:

- Invernadoiro. A asociación ten habilitado un invernadoiro no que se realizan tanto clases teóricas como prácticas sobre obradoiros de cultivos de prantas e flores. Ademais, Asodifisi corre cos gastos de luz e auga, limpeza das instalacións, seguro de responsabilidade civil e gastos de mantemento e conservación.

5.2. ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN:

- ▶ ACTUACIÓNS CONXUNTAS CO CONCELLO DE MOS EN DIFERENTES CELEBRACIÓNS.
 - Festa da rosa (diversidade de actos conmemorativos).
 - Festa de nadal (na discoteca Queen xunto con outras entidades coma as Escravas da Virxen Dolorosa.)
 - Peluquería solidaria. Promovido por Angel Estilistas. Apoyo organizativo por ASODIFISI y la Asociación Española Contra el Cancer de Mos.

- ▶ ACTIVIDADES PROPIAS DE ASODIFISI:
 - Concurso de Postais de Nadal. Tódolos anos se celebra un concurso para os alumnos, e entre tódalas postais presentadas, elixírase a gañadora que será enviada como felicitación a tódolos socios da asociación.
 - Festa de Fin de Curso. Coa chegada do verán e o remate do curso celébrase un festival para despedir o curso, ademais, ó remate do festival agasállase a todos os presentes cunha gran merenda.
 - Festa dos maios. Adórnase o centro con obxectos característicos da festa, faise un gran maio que se coloca no recinto do centro, vístense con adornos característicos e cantanse cantigas.
 - Magosto. No mes de Outubro, a asociación celebra para os seus alumnos un magosto nas instalacións do centro.
 - Festa da primaveira. Celébrase a cegada da nova estación, reflexiónase segundo o que supón o cambio de estación e se fai unha gran merenda para os alumnos.
 - Excursión anual. Realízanse dúas salidas anuais dun día, normalmente un sábado, para os alumnos da

asociación e as súas familias. Unha delas “En Ruta Coa Depo” subvencionada pola Deputación de Pontevedra.

- Xornadas sobre discapacidade. As xornadas deste ano estiveron impartidas por varios especialistas en medicina do CHUVI de Vigo (unha médica rehabilitadora, unha especialista en medicina física e rehabilitación).

6. SERVICIOS PRESTADOS

Por outra banda, fai xa cinco anos, instaurouse dentro da Asociación o programa “**Servizo de Respiro para Familias con Persoas con Discapacidade ó seu cargo**” que engloba os seguintes servizos:

- ▶ Transporte Adaptado: Mediante este servizo, amos servizo tanto aos usuarios de asodifisi, (recóllense a diario nos seus fogares, polo que as súas familias poden dispoñer de algo máis de liberdade) como para o total de socios con discapacidade que presenten dificultades para a utilización do transporte colectivo. ATA FEBREIRO DE 2010 ESTE SERVIZO CUBRÍASE POLO PORGRAMA ANTA, PERO DENDE O CESE DE DITO PROGRAMA ÉA PROPIA ASOCIACIÓN A QUE SE FAI CARGO DE TODOS OS GASTOS.
- ▶ Persoal contratado a Xornada Completa: mediante a concesión da subvención do programa de cooperación da Xunta de Galicia, os usuarios dispoñen de unha educadora Social, unha Mestre de educación especial, unha administrativa, unha coidadoras e dous conductores, o cal que permite ter a asociación aberta en horario de mañá e tarde de lúns a venres.

- ▶ Actividades formativas: Ó longo dos anos fixéronse diferentes cursos formativos para que as persoas con discapacidade lle desen utilidade ao seu tempo de lecer. Este ano, as actividades realizadas foron as seguintes:

- ❑ Reforzo pedagóxico.
- ❑ Curso de cultivo de prantas.
- ❑ Curso de manualidades “RecicLARTE”
- ❑ Curso de cociña adaptada para persoas con discapacidade.
- ❑ Curso de Ximnasia (“Preparando o camiño” actividade subvencionada pola Deputación de Pontevedra)
- ❑ Baile, Música e Canto (Danzaterapia)

- ▶ Información e asesoramento: A Asociación realiza actividades diarias de **información e asesoramento**, en horario de mañá e tarde na sede social de ASODIFISI. Proporcionase **información** xeral, laboral, sobre axudas e recursos dispoñibles das institucións públicas e privadas.

O servizo está estruturado en tres áreas diferenciadas, motivadas pola procedencia das consultas así como a súa metodoloxía e temática de Intervención (Consultas xerais sobre recursos, consultas vencelladas a Formación e o Emprego, intervención social...).

- ▶ Atención Psicolóxica: Unha psicóloga voluntaria leva a cabo este servizo, con reunións periódicas coas familias.

- ▶ Intervención Social: As persoas con Discapacidade, e en especial as persoas con Dependencia son as máis vulnerables dende o punto de vista social, posto que están expostas a un maior risco de exclusión. É necesario ir mellorando esta situación a través dunha intervención integral e transversal que abarque os diferentes ámbitos e un equipo interdisciplinar. Realízanse un conxunto de intervencións profesionais encamiñadas a promoción da igualdade, integración e normalización como poden ser o apoio a nivel individual, familiar, grupal e mesmo comunitario colaborando con outras entidades e profesionais.

- ▶ Voluntariado: Trátase de potenciar as capacidades das persoas, fomentando a súa autonomía e independencia. Hai 3 liñas de actuación; Programa de Acompañamento (acompañamento domiciliario, actividades rehabilitadoras, culturais ou de ocio, educativas...), Programa de Sensibilización e Concienciación (Ofertase información relativa a discapacidade a poboación en Xeral) e o Programa de Formación para voluntarios.

- ▶ Ocio e Tempo Libre: Destacamos o Programa de vacacións. Realízanse sempre como mínimo 2 saídas ao ano cunha duración superior a 8 horas. Unha delas corresponde a unha saída dentro da Comunidade Autónoma e a outra "En Ruta Coa Depo" actividade subvencionada pola Deputación de Pontevedra. Ademais realízanse milleiros de saídas lúdicas e culturais polos arredores, ales como visitas a museos, a prais, a empresas da zona, parques...

7. RECURSOS MATERIAIS.

A Asociación ten a súa sede social na rúa Cesáreo Rodríguez Iglesias nº9 situada na localidade de Mos, Torroso.

Está formada por 3 aulas, e nunha delas realízanse actividades formativas.

Consta de 2 baños adaptados, 2 aulas onde realizan as diferentes actividades, cociña, oficina, almacén, garaxe e invernadoiro.

Tamén contamos con 2 furgonetas adaptadas para poder facer todos os desprazamentos que nos sexan requeridos.

8. RECURSOS ECONÓMICOS.

O total dos gastos da asociación son sufragados polas distintas Administracións Públicas a nivel autonómico, provincial e local como pola entidade privada de Caixa Galicia, así como polos seus socios.

- ▶ Xunta de Galicia:
 - ▣ Subvención dirixida á contratación de traballadores desempregados (cooperación e garantía xuvenil).

- ▶ Concello de Mos:

- Convenio de colaboración para a realización dun obradoiro de cultivo de prantas. Concedido ata Xullo 2018

O CONVENIO SE MANIFESTA QUE O CONCELLO DE MOS SUFRAGARÁ O TOTAL DOS CUSTOS DESTAS ACTIVIDADES.

▶ Empresas colaboradoras:

- MAIER.
- ASCENSORES ORONA.
- CENTRO SOID.

▶ Socios

- A cuota anual mínima de 15 €.

En Mos, a 13 de Marzo de 2018.

Asdo: Asunción Monroy Carrera
(A Presidenta)